



NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO (NFC)

Revisión Novembro 2015 Comité Calidade
Aprobado Claustro 24 de Novembro de 2015
Aprobado Consello Escolar do día 26 de Xaneiro 2016

ÍNDICE

- Capítulo I: Fins e Intencións Educativas do Centro.
- Capítulo II: Misión, Visión e Política Educativa.
- Capítulo III: Organización Académica. (Regulamento Orgánico Centros, DOG 2-09-1997) (Orde 9 de outubro 1996, DOG 7-11-1996)
- Capítulo IV: Persoal. (Convenio Colectivo en vigor, Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa)
- Capítulo V: Alumnado (RD 732/1995, Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa)
- Capítulo VI: País. (Regulamento Orgánico Centros, DOG 2-09-1997, Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa)
- Capítulo VII: Normas Funcionamento
- Capítulo VIII: Normas Elementais de Convivencia : Plan de Convivencia Escolar (Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa)

CAPÍTULO I

FÍNS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO

Artigo 1.- Segundo Orde do 10 de febreiro de 2012 (DOG 1 marzo de 2012) o Centro de Formación Profesional “Daniel Castelao” está autorizado para impartir as seguintes ensinanzas:

Quenda de mañá:

1 Ciclo Formativo de Grao Medio de Xestión Administrativa (2 unidades, 30 alumnos/unidade).

1 Ciclo Formativo de Grao Superior de Administración e Finanzas (2 unidades, 30 alumnos/unidade)

1 Ciclo Formativo de Grao Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (2 unidades, 30 alumnos/unidade)

1 PCPI Informática (1 unidade)

1 PCPI Instalación Electrotécnicas e de Telecomunicacións (1 unidade)

1 PCPI Servizos Administrativos (1 unidade)

1 PCPI Comercio (1 unidade)

Quenda de tarde-noite:

1 Ciclo Formativo de Grao Medio de Instalacións Eléctricas e Automáticas (2 unidades, 30 alumnos/unidade)

1 Ciclo Formativo de Grao Medio de Comercio (1 unidade para 30 alumnos/as)

1 Ciclo Formativo de Grao superior de Administración de Sistemas e Informáticos en Rede (2 unidades, 30 alumnos por unidade)

Educación Secundaria para Persoas Adultas (2 unidades, 30 alumnos/unidade)

Segundo Orde do 9 de agosto de 2013 (DOG do 14 de agosto) e Orde do 10 de agosto de 2015 (DOG do 17), ten concertadas as seguintes unidades:

Ciclos Formativos Formación Profesional Básica

- 1º ano Servizos Administrativos (1 unidade)
- 2º ano Servizos Administrativos (1 unidade)
- 1º ano Electricidade e Electrónica (1 unidade)

- 2º ano Electricidade e Electrónica (1 unidade)

Ciclos Formativos de Grao Medio

- Xestión Administrativa (2 unidades)
- Instalacións Eléctricas e Automáticas (2 unidades)

Ciclos Formativos de Grao Superior

- Administración e Finanzas (2 unidades)
- Administración de Sistemas Informáticos en Rede (2 unidades)
- Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (2 unidades)

Artigo 2 .- O Centro de F.P. "DANIEL CASTELAO", ten como Titular responsable á Sociedade CEBEM-FP, S.L., á que corresponden a capacidade xurídica e autonomía propias recoñecidas na Lexislación xeral.

Artigo 3 .- O fin primordial deste Centro é contribuír á formación integral do alumno, na dimensión persoal e social, de acordo co seu ideario, e de respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos humanos e liberdades fundamentais.

Artigo 4 .- Para a consecución deste fin o Centro comprométese a constituír unha comunidade educativa na que cada estamento: Entidade Titular, Dirección e Consello Escolar, aceptan corresponsablemente o cumprimento do ideario/Regulamento Réxime Interior.

Artigo 5 .- O Centro na súa condición de interese público adopta unha actitude de acollida e respecto entre os diversos estamentos, sen discriminación algunha.

Artigo 6 .- As ensinanzas impartidas no Centro axústanse ás disposicións da Consellería de Educación tendo, dentro dos límites fixados polas leis, a autonomía para establecer, adaptar os programas ás características do medio no que se atopa inserido, adoptar métodos de ensino e organizar actividades culturais e extraescolares.

CAPÍTULO II

MISIÓN, VISIÓN E POLÍTICA EDUCATIVA

Artigo 7 .- MISIÓN

O Centro de Formación Profesional “Daniel Castelao” formula a súa “misión” sobre a base de harmonizar a rendabilidade do capital económico e humano da empresa cunha formación integral do alumnado, na dimensión persoal e social, e de respecto aos principios democráticos de convivencia.

Artigo 8 .- VISIÓN

O Centro de Formación Profesional “Daniel Castelao” quere ser apreciado coma un centro de referencia no ámbito da Formación Profesional en Vigo e a súa área de influencia, caracterizado por:

- Respecto á liberdade.
- Bo nivel académico e profesional.
- Grande capacidade de integración.
- Fundamentación das súas relacións interpersoais no diálogo.

Artigo 9 .- POLÍTICAS.

1.- O fin primordial deste Centro é contribuír á formación integral do alumnado, na dimensión persoal e social, de acordo co seu ideario, e de respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos humanos e liberdades fundamentais.

2.- Para a consecución desta fin o Centro comprométese a constituír unha comunidade educativa na que cada estamento: Entidade Titular, Dirección e Consello Escolar, aceptan corresponsablemente o cumprimento do Ideario/Regulamento Réxime Interior.

3.- O Centro na súa condición de interese público adopta unha actitude de acollida e respecto entre os diversos estamentos, sen discriminación algunha.

4.- As ensinanzas impartidas no Centro axústanse ás disposicións da Consellería de Educación tendo, dentro dos límites fixados polas leis, a autonomía para establecer, adaptar os programas ás características no medio no que se atopa inserido, adoptar

métodos de ensino e organizar actividades culturais e extraescolares.

5.- O Centro de FP "Daniel Castelao", non fará ningunha discriminación entre os seus alumnos, limitándose a desenvolver e potenciar a súa formación humana, en función dos valores individuais e sociais.

6.- O Colexio estimulará entre os seus alumnos o respecto á liberdade e á defensa dos dereitos humanos a acadar o desenvolvemento social da comunidade na que se atopa.

CAPÍTULO III

ORGANIZACIÓN ACADÉMICA

Artigo 10.- A Organización do Centro “DANIEL CASTELAO” estará constituída polos seguintes órganos:

A .- UNIPERSOAIS:

- Director/a
- Xefe/a de estudos

B .- COLEXIADOS:

- Consello Escolar
- Claustro de profesores

C .- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN:

- Gabinete de Orientación
- Equipo de actividades complementarias e extraescolares
- Áreas didácticas:
 - Área Letras/Humanidades
 - Área Administrativo-FOL
 - Área Ciencias/Tecnoloxía
 - Área Informática
- Comisión de coordinación pedagóxica
- Coordinación de formación en centros de traballo
- Equipo de dinamización lingüística
- Comisión convivencia
- Observatorio convivencia

D .- ÓRGANOS DOS ALUMNOS

- Xunta de delegados

A.- ÓRGANOS UNIPERSOAIS

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO

Artigo 11 .-

- 1.- O Director do Centro será designado, previo acordo entre o Titular e o Consello Escolar, de entre profesores do Centro cun ano de permanencia no mesmo, ou tres de docencia noutro centro docente da Entidade Titular. O acordo do Consello Escolar do Centro será adoptado por maioría absoluta dos seus membros.
- 2.- No caso de que haxa desacordo, o Director será designado polo Consello Escolar do Centro de entre unha terna de profesores proposta polo Titular. Ditos profesores deberán reunir as condicións establecidas no apartado anterior. O acordo do Consello Escolar do Centro será adoptado por maioría absoluta dos seus membros.
- 3.- O mandato do Director terá unha duración de catro anos.
- 4.- O cese do Director requirirá o acordo entre a titularidade e o Consello Escolar do Centro.

Artigo 12 .- As facultades do Director serán:

- 1.- Ostentar oficialmente a representación do Centro.
- 2.- Cumprir e facer cumprir as leis e demais disposicións vixentes.
- 3.- Dirixir e coordinar todas as actividades educativas do Centro de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das funcións do Consello Escolar do Centro.
- 4.- Exercer a Xefatura do persoal do Centro.
- 5.- Convocar e presidir os actos académicos e as reunións de todos os órganos colexiados do Centro.
- 6.- Visar as certificacións e documentos académicos oficiais do Centro.
- 7.- Propoñer o nomeamento e cesamento dos cargos Directivos, así coma os Coordinadores de área e os titores.
- 8.- Executar os acordos dos órganos colexiados no ámbito das súas facultades.
- 9.- Coordinar e fomentar a participación dos distintos sectores da comunidade escolar procurando os medios precisos para a máis eficaz execución das súas respectivas atribucións.
- 10.- Coordinar a elaboración do proxecto educativo do centro, proxecto curricular e programación xeral, de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Administración educativa e polo Consello Escolar, e coas propostas formuladas polo claustro e outros órganos de participación, responsabilizándose co equipo directivo da súa redacción e de velar pola súa correcta aplicación.
- 11.- Promover e impulsar as relacións do Centro coas institucións do seu contorno, en especial cos organismos públicos que levan a cabo tarefas de responsabilidade en

materia educativa.

12.- Elevar unha memoria anual aos servizos provinciais da Consellería de Educación sobor do desenvolvemento das Actividades e situación xeral do Centro.

13.- Facilitar a adecuada coordinación cos Servizos Educativos da súa demarcación e subministrar a información que sexa requerida polas instancias educativas competentes.

14.- Promover as relacións cos centros de traballo sempre que afecten a aspectos referentes á formación dos alumnos.

15.- Garantir a información sobor da vidas do Centro aos distintos sectores da Comunidade Escolar e ás súas organizacións representativas, así como facilitar o dereito de reunión dos profesores, alumnos, pais de alumnos e persoal de administración e servizos, de acordo co disposto na Ley Orgánica.

16.- Expedir as certificacións que soliciten as autoridades e os interesados ou os seus representantes.

17.- Favorecer a convivencia do Centro e impoñer as correccións que corresponda, de acordo coa normativa vixente.

18.- Favorecer e propiciar a avaliación interna do funcionamento do Centro.

19.- Elaborar en colaboración co **Administrador** o anteproxecto de presuposto do Centro.

20.- No caso de ausencia ou enfermidade do Director, farase cargo das súas funcións o/a xefa/e de estudos.

A/O XEFA/E DE ESTUDOS DO CENTRO

Artigo 13.- A/o Xefa/e de Estudos será elixido polo Consello Escolar a proposta do Director.

Artigo 14.- O nomeamento do Xefa/e de Estudos renovarase ou prorrogarase anualmente.

Artigo 15.- Serán copetencias da/o Xefa/e de estudos:

1.- Exercer, por delegación do Director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ao réxime académico.

2.- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación do profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares e a programación xeral anual.

3.- Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios

académicos do alumnado e profesorado, de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na programación xeral anual, así como velar polo seu estrito cumprimento.

4.- Coordinar as actividades dos órganos unipersoais de carácter académico.

5.- Coordinar e orientar a acción dos titores, coas achegas, se é o caso, do departamento de orientación e de acordo co plan de orientación académica e profesional e do plan de acción tutorial.

6.- Coordinar a participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar e organizar as actividades de formación de profesores realizadas polo centro.

7.- Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención aos procesos de avaliación, adaptación curricular, diversificación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.

8.- Facilitar a organización do alumnado e impulsar a súa participación no centro.

9.- Establecer os mecanismos para correxir ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnado accidentado ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do centro.

10.- Organizar a atención do alumnado nos períodos de lecer.

11.- Custodiar e dispoñer a utilización dos medios audiovisuais e material didáctico.

12.- Programar e coordinar o desenvolvemento das actividades escolares complementarias e de servizos, seguindo as directrices do Consello Escolar do Centro.

13.- Organizar os actos académicos, conxuntamente co Director/a.

14.- Custodiar os libros e arquivos do Centro.

15.- Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo Director dentro do seu ámbito de competencia.

16.- En caso de ausencia ou enfermidade, farase cargo das funcións da/o Xefa/e de Estudos o profesor que o Director designará entre os profesores do Claustro para que realice as funcións mentres non se incorpore o anterior.

Artigo 16.- A/o Xefa/e de Estudos cesará no seu cargo ao término do Curso Escolar.

B.- ÓRGANOS COLEXIADOS

O CONSELLO ESCOLAR

Artigo 17.- O Consello Escolar dos Centros concertados estará constituído por: (Orde 9 de outubro 1996, DOG 7-11-1996)

- O/A DIRECTOR/A
- TRES REPRESENTANTES DO TITULAR DO CENTRO
- CATRO REPRESENTANTES DOS PROFESORES
- CATRO REPRESENTANTES DOS PAIS OU TITORES DOS ALUMNOS/AS
- DOUS REPRESENTANTES DOS ALUMNOS/AS
- UN REPRESENTANTE DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS
- UN REPRESENTANTE DAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS COLABORADORAS NO MÓDULO DA F.C.T.

Artigo 18.- Ás deliberacións do Consello Escolar do Centro poderán asistir con voz, pero sen voto, sempre que sexan convocados para informar sobre cuestións da súa competencia, os demais órganos unipersoais.

Artigo 19.- O Consello Escolar do Centro renovarase cada dous anos, sen prexuízo de que se cubran ata dito término as vacantes producidas.

Artigo 20.- Corresponde ao Consello Escolar do Centro:

- 1.- Establecer as directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro, aprobalas, avalialas e, se é o caso, introducir modificacións, sen prexuízo das competencias que o Claustro de Profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.
- 2.- Intervir na designación e cese do/a Director/a do Centro de acordo co artigo 59 da LODE (Ver Artigo 11, parágrafos 1 e 2).
- 3.- Intervir na selección e despido do profesorado do Centro, conforme co artigo 60 da LODE.
- 4.- Decidir sobre a admisión dos alumnos, con suxección ao establecido na lexislación vixente.
- 5.- Resolver os conflitos e impoñer as correccións pertinentes con finalidade

pedagóxica que correspondan ás condutas dos alumnos e alumnas que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, de acordo coa normativa que regulamente os dereitos e deberes dos alumnos.

6.- Aprobar, proposta do Titular, o presuposto do Centro, no que se refire tanto aos fondos provenientes da Administración, como ás cantidades autorizadas, así como a rendición anual de contas.

7.- Aprobar e avaliar a programación xeral anual do Centro, respectando, en todocaso, os aspectos docentes que lle competen ao Claustro.

8.- Propoñer, no seu caso, á Administración a autorización para establecer percepcións complementarias aos pais dos alumnos con fins educativas extraescolares e complementarias.

9.- Elaborar as directrices para a programación e desenvolvemento das actividades escolares complementarias e extraescolares, comedor, transporte escolar, visitas e outras actividades, así como a aprobación e avaliación da programación xeral delas.

10.- Establecer os criterios sobre a participación do Centro en actividades culturais, deportivas e recreativas, así como en aquelas accións asistenciais ás que o Centro poderá prestar a súa colaboración.

11.- Establecer os criterios de colaboración con outros centros, entidades ou organismos.

12.- Aprobar e modificar, a proposta do Titular do Centro, o Regulamento de Réxime Interior do Centro.

13.- Analizar e valorar o funcionamento xeral do Centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do Centro se realice.

14.- Promover as relacións entre os diversos membros da comunidade escolar para conseguir unha relación fluída e fomentar a participación dos sectores e a súa formación.

15.- .Calquera outra competencia que lle sexa atribuída normativamente.

O CLAUSTRO DE PROFESORES

Artigo 21.- O Claustro de Profesores é o órgano propio de participación destes no goberno que ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar de todos os aspectos docentes del. Estará integrado pola totalidade dos profesores e profesoras que presten servizos nel e será presidido polo director/a.

Artigo 22.- Son competencias do Claustro:

- 1.- Facer chegar ao equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativos e curricular do centro e da programación xeral anual.
- 2.- Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme co proxecto educativo do centro.
- 3.- Promover iniciativas no ámbito metodolóxico, tecnolóxico, didáctico ou de organización, así como na experimentación e investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- 4.- Elixir os seus representantes no Consello Escolar do centro.
- 5.- Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos.
- 6.- Aprobar a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación.
- 7.- Analizar e valorar o rendemento escolar do centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren pertinentes.
- 8.- Coñecer as candidaturas á dirección e aos programas presentados polos candidatos.
- 9.- Coordinar as funcións referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.
- 10.- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, así como todo tipo de iniciativas que tendan a mellorar o funcionamento en calquera dos seus aspectos.
- 11.- Realizar o proceso de autoavaliación do centros nos aspectos da súa competencia.
- 12.- Calquera outra función dentro do ámbito das súas competencias.
- 13.- A asistencia ao Claustro é obrigatoria para todos os seus compoñentes.

C.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN

ORIENTACIÓN

Artigo 23.- Orientación terá as seguintes funcións:

- 1.- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- 2.- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas de coordinación pedagóxica, así como coordinar ao profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- 3.- Participar na elaboración dos proxectos educativos e curricular do centro.
- 4.- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades

ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos.

5.- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

6.- Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersoal ou a transición á vida profesional.

7.- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e calquera outro relacionado co ámbito de actuación.

8.- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

9.- Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais así como as ofertas do seu contorno que lle faciliten elixir responsablemente.

10.- Coordinar a orientación laboral e profesional con outras administracións ou institucións.

11.- Asesorar á comisión de coordinación pedagóxica nos aspectos psicopedagóxicos de proxecto curricular.

12.- Coordinar a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevándolle ao xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.

ÁREAS DIDÁCTICAS

Artigo 24.- No Centro non existen Departamentos Didácticos propiamente ditos, dado as características do Profesorado de Formación Profesional Específica, polo que segundo as ensinanzas impartidas no Centro se constitúen as Áreas que se relacionan a continuación:

- Área de Administrativo/FOL
- Área de Ciencicas/Tecnoloxía
- Área de Informática
- Área de Letras/Humanidades

Un profesor, pola súa titulación/habilitación, pode pertencer a unha ou máis Áreas Didácticas. Asemade, no primeiro Claustro de cada Curso Académico, elixirase un Profesor que actuará de Coordinador de cada unha das Áreas.

Serán Competencias do **Coordinador/a**:

- 1.- Representar á Área na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- 2.- Realizar o seguimento da programación didáctica da Área velando polo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.
- 3.- Resolver as reclamacións de final de curso que afecten á súa Área, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elaborar os informes pertinentes.
- 4.- Coordinar a organización dos espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico da Área.
- 5.- Coordinar a programación dos ciclos formativos.
- 6.- Colaborar, se é o caso, co Coordinador de Formación en Centros de traballo e cos titores dos ciclos formativos no fomento das relacións cos centros de traballo que participen na formación práctica dos/as alumnos/as.

EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Artigo 25.- Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Terán carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobado polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

Artigo 26.- O Equipo de actividades extraescolares e complementarias encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

Artigo 27.- O Xefe de Equipo terá entre outras as seguintes funcións:

- 1.- Participar na elaboración dos proxectos curriculares.
- 2.- Elaborar a programación anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas das Áreas Didácticas, do profesorado, do alumnado e dos pais e nais e as orientacións do Claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- 3.- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- 4.- Proporcionar ao alumnado a información relativa ás actividades do equipo.
- 5.- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a Comisión de Coordinación Pedagóxica, as Áreas, a Xunta de Delegados de Alumnos e a Asociación de Pais.
- 6.- Coordinar a organización das viaxes de estudos que se realicen cos alumnos e alumnas.
- 7.- Organizar a utilización da biblioteca do Centro.
- 8.- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas, que se incluírá na memoria do Centro.
- 9.- Presentarlle propostas ao equipo directivo para a realización de intercambio de actividades cos Centros do seu contorno.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Artigo 28.- É o Órgano de coordinación dos diferentes equipos e áreas docentes. As súas competencias son as seguintes:

- 1.- Elevar propostas ao Claustro de Profesores coa fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- 2.- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares nos que se incluírá o plan de orientación académica e profesional e o plan de acción tutorial se realice conforme aos criterios establecidos polo claustro.
- 3.- Asegurar a coherencia entre o Proxecto Educativo do Centro, os proxectos curriculares dos ciclos e a programación xeral anual.
- 4.- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas das Áreas, do plan de orientación académica e profesional, do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular incluídos no proxecto curricular.

5.- Propoñerlle ao Claustro de Profesores a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coa xefatura de estudos.

6.- Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado.

7.- Propoñerlle ao Director os profesores - titores que van colaborar co Gabinete de Orientación.

8.- Realizar, se e o caso, a proposta ao xefe de estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.

9.- Propoñer os profesores que van formar parte do equipo de dinamización lingüística.

AS FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICAS SON ASUMIDAS POLO CLAUSTRO.

TITORES

Artigo 29. Cada grupo de alumnos terá un titor. Serán designados polo Director/a, a proposta do Claustro, entre os profesores que impartan docencia a todo o grupo, procurando que a designación recaia no profesor con maior número de horas de docencia no grupo.

Artigo 30.- Cada profesor-titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

1.- Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos que proceda e en colaboración co Gabinete de Orientación.

2.- Proporcionarlles no principio de curso, ao alumnado e aos pais e nais de alumnos ou titores legais ou ordinarios, así como as persoas ou institucións que ostenten a garda e protección do menor, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

3.- Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.

4.- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.

5.- Efectuar un seguimento global dos aspectos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar respostas

educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

6.- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos e alumnas do seu grupo.

7.- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.

8.- Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

9.- Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

10.- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.

11.- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.

12.- Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ó alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

13.- Colaborar co Gabinete de Orientación do centro nos temros que se establezan.

14.- Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativos e curricular do centro.

15.- Orientar as demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

16.- Informar ó alumnado, os pais e nais ou representantes legais e o profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.

17.- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos ou representantes legais.

18.- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.

19.- Cubir os documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.

20.- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado e ter informados os pais e nais ou representantes legais e o xefe de estudos que proceda.

21.- Indicar ás familias as actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

22.- Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes permanezan no centro nos períodos de lecer.

23.- Respecto o módulo de Formación en Centros de Trabajo, terá ademais as seguintes funcións:

A) Elaborar o programa formativo do módulo, en colaboración co responsable designado para estes efectos polo centro de traballo.

- B) Avaliar o módulo, tendo en conta o informe do responsable designado por parte do centro de traballo sobre as actividades realizadas polos alumnos e alumnas durante o período de estadía nese centro.
- C) Manter contactos periódicos co responsable designado polo centro de traballo, coa fin de contribuír a que o programa de formación se axuste á cualificación que se pretende.
- D) Atender no centro educativo os problemas de aprendizaxe que presente o seu grupo de alumnos e valorar de xeito continuado as actividades correspondentes ao programa formativo.
- E) Informar sobre as peticións de validacións ou extensións formuladas polo alumnado do ciclo formativo.
- F) Tramitar para o seu grupo de alumnos a documentación relativa en centros de traballo.
- G) Axudar ás Áreas na identificación da necesidade de colaboración de expertos, así como calendario de intervención.
- F) Informar á Dirección do Centro de todo o referente ao ciclo formativo.
- G) Redactar a memoria final de curso, que se incluírá na memoria do Centro.

24. Informar ao responsable das altas de usuario de rede e conta de correo das incorporacións do alumnado unha vez iniciado o Curso.

COORDINACIÓN DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

Artigo 31.- Serán competencias do Coordinador:

- 1.- Supervisar e dirixir o programa de formación en centros de traballo.
- 2.- Encargarse das relacións coas institucións empresariais, laborais, etc., que poidan estar interesadas no programa.
- 3.- Difundir o programa a nivel externo e interno.
- 4.- Controlar, supervisar e valorar as actividades levadas a cabo polos titores dos ciclos formativos, convocando, alo menos unha reunión mensual con eles.

EQUIPO DE DINAMIZACION LINGÜÍSTICA

Artigo 32.- O Equipo de Dinamización Lingüística constitúese para potenciar o uso da lingua galega. Serán competencias do equipo:

1.- Presentar a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación de obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.

2.- Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no que se deberá especificar, cando menos:

A) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.

B) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

C) Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

D) Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.

Artigo 33.- A Coordinación do Equipo será desempeñada por un profesor nomeado polo Director a proposta do Claustro. As competencias do Coordinador serán as seguintes:

1.- Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares.

2.- Responsabilizarse da redacción dos plans que serán propostos á Comisión de Coordinación Pedagóxica.

3.- Convocar e presidir as reunións do Equipo.

4.- Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.

5.- Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións relacionados coa realidade galega.

XUNTA DE DELEGADOS

Artigo 34.- Estará integrada polos delegados ou delegadas dos Ciclos Formativos e os representantes do alumnado no Consello Escolar.

Artigo 35.- As funcións da Xunta de Delegados son as seguintes:

- 1.- Recibir información dos representantes dos alumnos e alumnas no Consello Escolar sobre os temas tratados nel, e das confederacións, federacións estudiantís e organizacións xuvenís legalmente constituídas.
- 2.- Elevar ao Equipo Directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro, por iniciativa propia ou por petición daquel.
- 3.- Informar aos representantes dos alumnos no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- 4.- Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
- 5.- Elaborar propostas de modificación do Regulamento de Réxime Interior, dentro do ámbito da súa competencia.
- 6.- Informar aos alumnos e alumnas do centro das actividades da xunta de delegados.
- 7.- Formular propostas aos xefes de estudos para a elaboración dos horarios e ao xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares para a súa organización.
- 8.- Debater os asuntos que vaia tratar o Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución aos seus representantes.

CAPITULO IV

PERSOAL

Artigo 36.- Pola parte do persoal:

- 1.- Formación do alumnado no sentido de responsabilidade e conciencia no cumprimento do deber.
- 2.- Flexibilidade no trato do alumnado, respectando a súa personalidade e tendo en conta as circunstancias.
- 3.- Supresión na relación ensinante-alumno de verbas e xestos aldraxantes.
- 4.- Ausencia de castigos corporais.

Artigo 37.- Das Faltas: (Artigo 94. VI Convenio Colectivo)

1. Leves

- Tres faltas de puntualidade non xustificadas no posto de traballo durante trinta días.
- Unha falta de asistencia inxustificada durante un prazo de trinta días.
- Non comunicar, coa antelación debida, a non asistencia ao traballo por causa xustificada ou non cursar con tempo a baixa correspondente cando fáltase ao traballo por causa xustificada, a menos que sexa evidente a imposibilidade de facelo, en xeral, o incumprimento dos deberes de carácter informativo para coa empresa.
- Dar por concluída a clase con anterioridade á hora do seu remate, sen causa xustificada, ata dúas veces en trinta días.
- Neglixencia no desenvolvemento das súas funcións concretas no posto de traballo, non entregar as cualificacións nas datas acordadas, non controlar a asistencia e a disciplina dos alumnos, así como, neglixencia no uso dos materiais, utensilios ou ferramentas propias do mesmo.
- Non observar as normas esenciais de seguridade e hixiene no traballo, establecidas pola empresa.
- A embriaguez non habitual no traballo.

2. Graves

- Máis de tres e menos de dez faltas inxustificadas de puntualidade cometidas no prazo de trinta días.
 - Máis dunha e menos de catro faltas inxustificadas de asistencia ao traballo nun prazo de trinta días
 - O incumprimento das obrigas educativas de acordo coa lexislación vixente.
 - As ofensas de verbas proferidas ou de obras cometidas contra as persoas, cando revistan acusada gravidade. Considérase que revisten acusada gravidade se menosprezan ante os alumnos a imaxe do seu educador ou se faltan gravemente á persoa do alumno/a ou aos seus familiares.
 - O incumprimento reiterado das normas de seguridade e hixiene no traballo establecidas pola empresa.
 - A realización, sen o oportuno permiso, de traballos particulares durante a xornada. Asemade, o emprego de útiles, ferramentas, maquinaria, vehículos, e en xeral, bens da empresa, para os que non estivera autorizado ou para usos alleos aos do traballo encomendado, mesmo fóra da xornada laboral.
 - O falseamento e/ou omisión maliciosa de datos que tivesen incidencia na Seguridade Social ou ante a autoridade fiscal.
 - A suplantación doutro traballador, alterando os rexistros e controis de entrada e saída de traballo.
 - O quebrantamento e violación de segredos de obrigada reserva que non produza grave prexuízo para a empresa.
 - A reincidencia en falta leve nun prazo de noventa días.
-
- **Moi graves**
 - Máis de nove faltas inxustificadas de puntualidade cometidas nun prazo de trinta días.
 - Máis de tres faltas inxustificadas de asistencia ao traballo cometidas nun prazo de trinta días.
 - As faltas graves de respecto e os malos tratos, de palabra ou obra, a calquera membro da comunidade educativa no centro de traballo.
 - A fraude, deslealdade ou abuso de confianza na realización da tarefa encomendada. Entenderase que existe este fraude se se abandoa inxustificada e reiteradamente a función docente e incúmpanse gravemente as obrigas educativas derivadas da lexislación en vigor.
 - A apropiación, furto ou roubo de bens da propiedade da empresa, de compañeiros ou de calesquera outras persoas dentro das dependencias da empresa.

- O Incumprimento grave e reiterado das normas de seguridade e hixiene no traballo establecidas pola empresa.
- A simulación de enfermidade ou accidente, ou a prolongación da baixa por enfermidade ou accidente coa finalidade de realizar calquera traballo por conta propia ou allea.
- O quebramento ou violación de segredos de obrigada reserva que produza grave prexuízo para a empresa.
- A embriaguez habitual ou toxicomanía, que incidan no traballo.
- A realización de actividades que impliquen competencia desleal á empresa.
- A reincidencia en falta grave, se se cometese dentro do ano seguinte ao terse producido a primeira infracción.

Artigo 38.- As sancións destas faltas corresponderán aos organismos pertinentes.

Artigo 38 a.- Dereitos e deberes do profesorado (Artigo 8 Lei 4/2011).

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:
 - a. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto de comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 - b. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 - c. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
 - d. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
 - e. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
 - f. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei
 - g. A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. **Son deberes do profesorado:**

- a. Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d. De informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso de aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Artigo 38 b.- Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos (Artigo 9 Lei 4/2011).

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:
 - a. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 - b. A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 - c. A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
 - d. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
 - e. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei..

2. Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:
- a. Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
 - b. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
 - c. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
 - d. Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

CAPITULO V

ALUMNADO

Artigo 39.- DEREITOS E DEBERES

- 1.- Todos os alumnos/as teñen os mesmos dereitos e deberes sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel académico que estean a cursar.
- 2.- Todos os alumnos/as teñen o dereito e o deber de coñecer a Constitución Española e o respectivo Estatuto de Autonomía, coa fin de formarse nos valores e principios recoñecidos neles e nos Tratados de Acordos Internacionais de Dereitos Humanos.
- 3.- Todos os alumnos teñen o dereito de que a súa dedicación e esforzo sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, e recibir orientación educativa e profesional.

Artigo 40.- DEREITOS

Os alumnos terán os seguintes dereitos:

- 1.- A recibir unha formación integral que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade e a que respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas, así como a súa intimidade.
- 2.- Que o Centro lles facilite oportunidades e servizos educativos para que poidan desenvolverse física, mental, moral, espiritual e socialmente en condicións de liberdade e dignidade.
- 3.- A ser educados no espírito de comprensión, tolerancia e convivencia democrática.
- 4.- A participar activamente na vida escolar e na organización do Centro.
- 5.- Á orientación persoal, escolar e profesional, atendendo aos problemas da aprendizaxe e do desenvolvemento da responsabilidade, mesmo á axuda nas fases terminais para elección de estudos e actividades laborais.
- 6.- A ser respectados na súa dignidade persoal, non sufrindo sancións aldraxantes.
- 7.- A utilizar as instalacións, mobles e material do Centro, coas máximas garantías de seguridade e hixiene.
- 8.- Que as actividades escolares se acomoden ao seu nivel de maduración, e que a

súa promoción no sistema educativo estea de acordo co seu rendemento valorado obxectivamente.

9.- A levar a cabo actividades culturais, deportivas e de fomento de traballo en equipo.

10.- A formular perante os profesores e a dirección do Centro cantas iniciativas, suxerencias e reclamacións estimen oportunas.

11.- A expresar libremente as súas opinións ou ideas nos lugares destinados para tal efecto, sempre que vaian legalmente asinadas e non contraveñan os dereitos e liberdades.

12.- Os alumnos teñen dereito a asociarse, creando asociacións, federacións e confederacións de alumnos que poderán recibir axudas segundo o previsto na lexislación vixente.

13.- Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación **(Lei 4/2011)**:

- a. A recibir unha formación integral e coeducativo que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b. A que se respecten a súa identidades, integridade e dignidade persoais.
- c. A protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- e. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Artigo 41.- DEBERES

1.- O estudo é un nivel básico do alumno/a que se concreta en:

a.- Participar nas actividades formativas e, especialmente, nas orientadas ao desenvolvemento dos currículos.

b.- Seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe.

c.- Asistir a clase con puntualidade.

d.- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun axeitado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros á

educación.

2.- Ademais do estudo son **deberes** básicos dos alumnos:

- A) Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morales.
- B) Respetar a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- C) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro educativo. Conservar e facer bo uso das instalacións do centro e materiais didácticos.
- D) Conservar e facer bo uso da instalación do centro e materiais didácticos.

3.- Son **deberes básicos de convivencia** do alumnado (**Lei 4/2011**):

- a. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b. Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c. Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina no centro docente.
- e. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Artigo 42.- PARTICIPACIÓN

1.- A cooperación dos estudantes na obra educativa conleva o dereito pola súa banda, de aportar cantas iniciativas ou suxerencias contribúan ao perfeccionamento das actividades do Centro. Esta aportación deberá orientarse tanto cara á mellora da calidade do ensino, como á propia formación persoal mediante o axeitado desenvolvemento dos criterios de responsabilidade no seu traballo.

2.- A canle de participación dos alumnos estará constituída polos delegados de aula e os representantes dos alumnos/as no Consello Escolar (Xunta de Delegados), a quen

corresponde:

- 2.1. Expoñer as suxerencias e reclamacións da aula que representen, en primeiro lugar ao interesado, despois ao titor; en caso de non resolvelo, ao xefe de estudos, á dirección, ao Consello Escolar, mediante os seus representantes.
 - 2.2.- Propiciar a convivencia dos alumnos na aula.
 - 2.3. Coordinar co profesorado e coa Dirección do Centro, respecto aos problemas do seu curso.
 - 2.4. As funcións que legalmente lles estean recoñecidas.
- 3.- Cada aula nomeará un delegado mediante elección convocada pola xefatura de estudos.
- 4.- A sesión electoral levarase a cabo dentro do horario lectivo.
- 5.- Os delegados de aula terán dereito a ser oídos polos órganos de goberno do Centro, naqueles asuntos que afecten aos seus representados como colectividade e especialmente nos que se relacionan a continuación:
- 5.1. Coordinación das datas de exame.
 - 5.2. Establecemento e desenvolvemento das actividades culturais recreativas e deportivas, dentro do ámbito educativo.
 - 5.3. En todas aquelas decisións e actuacións que efecten de xeito específico ao alumnado.
- 6.- As xuntanzas dos delegados de aula entre si, ou cos seus representados deberanse comunicar á Xefatura de Estudos.

Artigo 43.- NORMAS DE CONVIVENCIA

- 1.- Os alumnos que individual ou colectivamente causen danos de forma intencionada ou por negligencia das instalacións do Centro ou o seu material quedan obrigados a reparar o dano causado ou facerse cargo do custo económico da súa reparación. Igualmente, os alumnos/as que substraeran bens do Centro deberán restituír o substraído. En todo caso, os pais ou representantes legais dos alumnos serán responsables civís nos termos previstos nas leis.
- 2.- A falta de asistencia a clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación continua.
- 3.- Poderán corrixirse de acordo co disposto neste Capítulo os actos contrarios ás normas de convivencia do Centro realizados polos alumnos no recinto escolar ou

durante a realización de actividades complementarias ou extraescolares. Igualmente, poderán correxirse as actuacións do alumnado que, aínda realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa.

4.- A efectos da gradación das correccións:

4.1. Considéranse circunstancias paliativas:

- A) O recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
- B) A falta de intencionalidade.

4.2. Considéranse circunstancias atenuantes:

- A) A premeditación e reiteración.
- B) Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade ou aos recén incorporados ao Centro.
- C) Calquera acto que atente contra o dereito de non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA E A SUA CORRECCION

Artigo 44.- Clases de condutas contrarias á convivencia (Artigo 14 Lei 4/2011).

1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nesta sección.
2. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

Artigo 45.- Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia (Artigo 15 Lei 4/2011).

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro:

- a. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e

- as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
 - c. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
 - d. A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros de comunidade educativa.
 - e. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.
 - f. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.
 - g. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.
 - h. Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
 - i. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativo do centro, ou a incitación a elas.
 - j. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.
 - k. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
 - l. O incumprimento das sancións impostas.

Artigo 46.- Condutas leves contrarias á convivencia (Artigo 16 Lei 4/2011) .

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a. As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de

discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

- b. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.
- c. A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.
- d. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e. As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

Artigo 47.- Prescrición das condutas contrarias á convivencia (Artigo 17 Lei 4/2011),

- 1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
- 2. O prazo de prescrición comezará contarse desde o día en que a consta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición no se empezará a computar mentres aquela no cese.
- 3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

Artigo 48. Principios xerais das medidas correctoras (Artigo 18 Lei 4/2011).

- 1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado

- e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:
 - a. Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
 - b. Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
 - c. A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
 - d. Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para eses efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre s mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

Artigo 49.- Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras (Artigo 19 Lei 4/2011).

1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.
2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.
3. Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Artigo 50.- Procedementos conciliados de resolución dos conflitos (Artigo 20 Lei 4/2011)..

1. Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.
2. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conducta que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conducta contraria á norma de convivencia.
3. No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.
4. O procedemento formalizado será o que determine o centro, coa aprobación do consello escolar, e que figurará no regulamento de réxime interno.

Artigo 51.- Medidas correctoras das conductas gravemente prexudiciais para a convivencia (Artigo 21 Lei 4/2011)..

As conductas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c. Cambio de grupo.
- d. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f. Cambio de centro.

Artigo 52.- Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia (Artigo 22 Lei 4/2011)

As condutas leves contrarias á convivencia poder ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a. Amoestación privada ou por escrito.
- b. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c. Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f. Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Artigo 53.- Graduación das medidas correctoras (Artigo 23 Lei 4/2011).

Para a graduación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a. O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 de esta lei.
- b. A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c. A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- d. A natureza dos prexuízos causados.
- e. O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

Artigo 54.- Prescrición das medidas correctoras (Artigo 24 Lei 4/2011).

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos

centros docentes previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Artigo 55.- As condutas contrarias as normas de convivencia do Centro constitúen falta, e quedan concretadas no Plan de Convivencia Escolar aprobado polo Claustro do día 24 de novembro de 2015 e Consello Escolar do día 26 de xaneiro de 2015.

Artigo 56 .- Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas prexudiciais para a convivencia. (Artigo 25 Lei 4/2011).

Cando un Docente ou PAS corrixa un comportamento contrario as normas de convivencia ou teña coñecemento del, deberá poñelo en coñecemento do titor/a do alumno/a, quen o comunicará á Dirección, e entrambos determinarán o tipo de medida correctora, segundo se especifica no Plan de Convivencia Escolar.

A) Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia (Artigo 25 Lei 4/2011).

1. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste artigo.
2. Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza as funcións equivalentes nos centros concertados, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.
3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conducta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicárase á inspección educativa.
4. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instructor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou titora ou titor da alumna ou alumno ou a

este se é maior de idade.

5. Finalizada a instrucción do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta lei.
6. Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.
7. A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.
8. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

B) Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia (Artigo 26 Lei 4/2011).

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levará a cabo:
 - a. O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 22 desta lei.
 - b. A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados no caso das medidas previstas na alíneas a), b), c) e de do artigo 22 desta lei.
 - c. A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso de medidas previstas nas alíneas a), c), d) e f) do artigo 22 desta lei.

d. A persoa titular da dirección do centro, óidos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 22 desta lei. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas de fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

2. As resolucións que impoñen as medidas correctoras as que se refire este artigo poñen fin a vía administrativa e son inmediatamente executivas.

Artigo 57 .- Responsabilidade das nais ou pais ou das titoras ou titores. (Artigo 27. Lei 4/2011).

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

Artigo 58.-Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar.

Acoso escolar. (Artigo 27 Lei 4/2011).

Para os efectos desta lei, condidérase acoso escolar calquera for a de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as cpmditas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

A)Protección integral das vítimas. (Artigo 29 lei 4/2011)

- 1. A dirección dos centros docentes e os titulates dos centros concertados e dos centros privados, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridades e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.*
- 2. A protección da vítima garantírase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.*

B) Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar. (Artigo 30 lei 4/2011)

1. O Goberno galego, a través dos departamentos competentes en materia educativa e benestar, elaborará un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar, coa dotación orzamentaria necesaria para a súa implantación. Recollerase de xeito explícito a integración de perspectiva de xénero para poder previr eficazmente situacións de acoso das nenas e mozas.
2. O plan de convivencia de cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará como mínimo, as seguintes previsións:
 - a. realización de campañas de sensibilización de profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.
 - b. Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.
 - c. Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.
 - d. Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.
3. Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.
4. As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus

respectivos ámbitos competenciais.

5. *O departamento competente en materia educativa, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, poñerá en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz e previr o acoso escolar. Igualmente a Xunta de Galicia velará para que nos medios de comunicación de Galicia se ofrezca un tratamento axeitado das noticias sobre acoso escolar.*

CAPÍTULO VI

PAIS

Artigo 59.- Dereitos e Deberes das nais e pais ou das titoras ou titores (Artigo 6 Lei 4/2011).

59. 1. Os pais con relación a educación dos seus fillos teñen os seguintes dereitos:

- 1.- A que reciban unha educación coas máximas garantías de calidade.
- 2.- Á libre elección de Centro.
- 3.- A que reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

59.2 (Artigo 6 lei 4/2011)

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación.;
 - a. A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
 - b. A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
 - c. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
 - d. A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
 - e. A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.
2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:
 - a. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
 - b. Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar,

así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

c. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

59.3. Os pais dos alumnos teñen garantía de liberdade de asociación no ámbito educativo e poderán existir asociacións de pais de alumnos integradas polos pais ou titores dos mesmos, coa fin de fomentar a participación e enriquecemento da vida escolar do Centro con outras estruturas.

As Asociacións poderán, no exercicio das súas funcións:

1.- Elevarlle propostas ao Consello escolar para a elaboración do proxecto educativo e o Regulamento de Réxime Interior e ao equipo directivo para a elaboración da programación xeral anual.

2.- Informar ao Consello Escolar daqueles aspectos da marcha do Centro que consideren oportuno.

3.- Informar aos asociados da súa actividade.

4.- Recibir información a trvaés dos seus representantes no Consello Escolar, sobre os temas tratados nel.

5.- Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.

6.- Elaborar propostas de modificación do Regulamento de Réxime Interior.

7.- Formular propostas para a realización de actividades complementarias que, unha vez aceptadas, deberán figurar na programación xeral anual.

8.- Coñecer os resultados académicos referidos ao Centro e a valoración que deles realice o Consello Escolar.

9.- Recibir un exemplar da programación xeral anual, do proxecto educativo, dos proxectos curriculares e das súas modificacións, así como do Regulamento de Réxime Interior.

10.- Recibir información sobre os libros de texto e os materiais diácticos adoptados polo Centro.

11.- Fomentar a colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

12.- Facer uso das instalacións do Centro nos termos, que, de acordo coa lexislación vixente, sexan establecidas por parte do Consello Escolar.

13.- Participar no proceso electoral para designar aos membros do Consello Escolar.

14.- Promover candidaturas para os cargos elixibles.

CAPITULO VII

NORMAS FUNCIONAMENTO

Artigo 60.-

É deber fundamental de tódolos que constitúen o Centro, crear un clima de convivencia e eficacia educativa co compromiso mutuo de respetar e garantir os dereitos dos outros.

- Non se poderá estar no interior do centro coa cara cuberta.
- Queda prohibido o uso de “cascos” ou calquera outro dispositivo auricular dentro das aulas, salvo con permiso explícito do profesorado.

Artigo 61.- Puntualidade e asistencia ás actividades lectivas: A puntualidade e asistencia ás actividades lectivas é obrigatoria. A tardanza de entrada en clase ten que ser un feito excepcional.

- Cando un alumno ou alumna menor de idade falte a algunha actividade lectiva, os seus pais ou titores legais deberán comunicar o motivo da ausencia ante o titor ou titora. Os alumnos maiores de idade deberán realizar a xustificación documentalmente.
- A lexislación vixente regula os procedementos a seguir coas faltas a efectos de perda de dereito de avaliación continua ou baixa de oficio, polo que se aplicará o regulado.
- No caso dos Ciclos Formativos, o titor ou titora valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno/a na xustificación das faltas.
- Os aspectos de puntualidade e asistencia do profesorado están regulamentados no Convenio Colectivo vixente. É competencia da xefatura de estudos velar polo seu cumprimento.

Artigo 62.- Folgas: No caso de folgas, terase en conta o seguinte:

- Todo alumno/a maior de idade ten dereito a secundar unha convocatoria de folga sen que esto signifique ningún tipo de marxinación para a súa persoa.
- En caso de convocatoria de folga, esta deberá ser clara e pública, e deberase presentar ante a xunta de delegados para que estes dean a mellor información posible nas súas clases.
- Os alumnos e alumnas serán en todo momento os únicos responsables das decisións tomadas.
- O equipo directivo deberá ser informado de todo o proceso preferentemente o día anterior á convocatoria, e posteriormente este informará ao resto do profesorado.
- Os menores de idade non poden saír do centro sen autorización escrita dos seus pais ou titores legais.

Artigo 63.- Expulsións de clase: Se se producen comportamentos que pola súa gravidade ou pola súa reiteración dificultan seriamente o desenvolvemento dunha clase, o profesor ou profesora poderá aplicarlle a un ou varios alumnos a corrección de abandonar a clase, e presentarse ante a xefatura de estudos. Además deberá rexistrarse no parte de incidencias da clase na que se aiopa o alumno.

Artigo 64.- Valoración obxectiva do rendemento académico:

- O dereito á valoración obxectiva e os procedementos para executala están na normativa vixente.
- A comezos do Curso o profesorado elaborará a programación didáctica que dará a coñecer publicamente ao alumnado, quedando copia en xefatura de estudos.
- Os alumnos e os pais e nais destes poderán reclamar as cualificacións obtidas. As reclamacións basearanse en:
 - Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
 - Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación.
 - Correcta aplicación dos criterios de cualificación e avaliación para a superación da área ou materia.
- As reclamacións ás avaliacións parciais faranse sempre ante o profesor correspondente soamente no caso de imposibilidade ante o titor ou xefatura de estudos.
- Nas cualificacións finais habilitarase día e hora, segundo a lexislación vixente, para ver as probas corrixidas e realizar as posibles reclamacións.

CAPITULO VIII

NORMAS ELEMENTAIS DE CONVIVENCIA

Artigo 65.- Os descansos se realizarán dentro da aula e nunca antes de rematar dúas sesións seguidas de clase. Cando o cambio de sesión supoña o cambio de aula, o tempo utilizado para este será o mínimo imprescindible.

Artigo 66.- Os alumnos de FP Básica non poderán saír do Centro en horas intermedias, salvo causas xustificadas.

Artigo 67.- Ante a ausencia dalgún profesor ou profesora a xefatura de estudos, sempre que sexa posible, farao constar no libro de garda.

Artigo 68.- Salvo casos excepcionais, ningún alumno ou alumna poderá saír da aula durante os periodos lectivos.

Artigo 69.- Nos exames, o alumnado de FP Básica deberá permanecer na aula a totalidade do tempo.

Artigo 70.- O alumnado está obrigado a traer o material necesario para o normal desenvolvemento das actividades académicas. No caso contrario será posto no coñecemento do titor que o comunicará aos seus pais por escrito. No caso de reincidencia será considerado falta grave. O profesorado elaborará un listado co material que é necesario que traian os alumnos para lles ser entregado no momento de formalizar a matrícula.

Artigo 71.- Queda terminantemente prohibida a utilización de dispositivos electrónicos en todo o Centro, e en horario lectio, salvo autorización expresa do Profesor.

Artigo 72.- Cada grupo de alumnos é responsable do coidado e mantemento do material da aula na que realizan as súas tarefas lectivas ou da dependencia que ocupen nun momento concreto estando obrigados individual, se é posible determinar o autor/a dos feitos, ou colectivamente, a reparar os danos causados ou facerse cargo dos custos económicos da súa reparación.

Os utensilios, ferramenta e maquinaria utilizados deben quedar recollidos e en disposición de uso para o seguinte grupo de alumnos/as.

Artigo 73.- Cando unha dependencia (aula, laboratorio,...) estea anormalmente sucia ou desordenada, os alumnos que desenvolvan na devandita dependencia actividades lectivas colaborarán na súa limpeza e orde diaria.

Artigo 74.- Non se poderá comer, beber nin mascar chicle dentro das aulas, talleres e corredores, agás auga nos laboratorios/talleres.

Artigo 75.- Quedan expresamente prohibidos os berros e carreiras polos corredores.

Artigo 76.- O profesor ou profesora comprobará que ao abandonar a aula, esta quede en orden e en perfectas condicións de uso.

Artigo 77.- Incumprimento das normas de convivencia. (artigo 12 lei 4/2011)

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. Así mesmo, poderán corregirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do centro escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.

Artigo 78.- Responsabilidade e reparación de danos. (Artigo 13 lei 4/2011)

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionado ou por negligencia ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou tutores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola

natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

Artigo 79.- Condición de autoridade pública do profesorado. (Artigo 11 lei 4/2011)

Obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.